

Acta do TRIBUNAL DO BASES PROCESO SELECTIVO DUN AXENTE DE POLICIA LOCAL( 1 VACANTE CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO 2018)

O 28 de decembro de 2018 as 12:00 horas reúnese ó tribunal cualificador na Casa Consistorial.

Asisten, como presidente don José Maria Baños Campo, como vogal, Don Miguel Martínez Díaz e como Secretaria dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- Dáse conta ó tribunal do escrito de don Diego Rodriguez Pedrido no que este manifesta ter tido presentado a subsanación trala lista provisional e aínda así aparece como excluído.

Logo comprobase que efectivamente a subsanación foi presentada e que por un erro de transcripción o aspirante continuou figurando na acta da lista definitiva como excluído.

Polo que o tribunal acorda propor a alcaldía proceder a corrección de erros e declarar admitido para participar no proceso selectivo a don Diego Rodriguez Pedrido.

De modo que na resolución de alcaldía de data 13/12/2018 na que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos, de modo que onde o aspirante figuraba como excluído:

RODRIGUEZ PEDRIDO DIEGO	Non presenta subsanación
-------------------------	--------------------------

Debe pasar a figurar como admitido.

Segundo.- O 18/12/2018 con RE 20093 ten entrada no concello recurso de alzada fronte a resolución da alcaldía na que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo.

Unha vez indicado isto, debemos ter en conta que conforme ós artigos 121 e 122 da vixente Lei 39/2015 do procedemento administrativo común sitúanos ante a debida tramitación dun recurso de alzada fronte ó acordo do tribunal relativo a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo que debe resolver o alcalde.

Así mesmo o artigo 118.2 da Lei 39/2015 indícanos que, de existir outros interesados, débese dar traslado do recurso a estes concedéndolles un prazo de alegacións de ó menos dez días hábiles. Resultando claro neste caso que existen outros interesados no recurso, concretamente, todos ós aspirantes que solicitaron participar no proceso selectivo.

Polo que para garantir os seus dereitos, dado o elevado número de participantes, publicárase na paxina web do Concello a interposición do recurso que nos ocupa concedéndolles un prazo de 10 días hábiles, para que si é o seu desexo, poidan formular as alegacións que estimen oportunas ó respecto.

Por todo o exposto é, a espera de sé se presentan alegacións ou non polos restantes interesados, que de ser o caso serán debidamente informadas por este Tribunal xunto ó recurso de alzada indicado, o mesmo acorda :



1º.- Publicar na páxina web do concello a interposición do recurso con copia do mesmo concedendo un prazo de alegacións ó respecto de 10 días hábiles os restantes aspirantes que presentaron solicitude de participación no proceso selectivo.

2º.- Remitir copia desta acta a Alcaldía o efecto de comunicarlle a interposición do recurso (...)

3º.- Por último, indicar que, estando prevista a realización da proba test da convocatoria para o vindeiro martes 8 de xaneiro as 17.00 horas, o que non permite resolver ós recurso que no ocupa antes de dita data, obríganos en arras de evitar posibles prexuízos de imposible reparación o aspirante agora recorrente e os demais aspirantes a deixar sen efecto a convocatoria realizada para a proba test da oposición. Cuxa data será determinada unha vez resoltos os recursos que nos ocupan.

Non habendo mais asuntos que tratar , sendo as 13:00 o señor Presidente levanta a sesión do que como Secretaria dou fe.

PRESIDENTE

VOGAIS

SECRETARIA



Campos de San Antonio, s/n - 27400 Monforte de Lemos (Lugo) 982 402 501 982 404 812 www.monfortedelemos.es secretaria@concellodelemos.com